



OBRADOIRO PERCUSIÓNS DE MAN E CANTO TRADICIONAL GALEGO

MESTRA: Leni Pérez.

OBXECTIVOS:

XERAIS

- Educar a sensibilidade para, a través dela captar a mensaxe musical (comprende-la música do noso folclore).
- Axudar ó desenrolo das capacidades e cualidades musicais do alumno/a.
- Espertar nos alumnos/as o interese, tanto persoal como colectivo, do disfrute de ritmos e músicas tradicionais.
- Manipular e investigar sobre os materiais e instrumentos da música tradicional para coñecer as súas propiedades e posibilidades de utilizalo con fines expresivos, comunicativos e lúdicos.
- Coñecer e utilizar a voz e o corpo como instrumento de representación e comunicación musical, así como para a mellora do equilibrio afectivo e a relación cos outros.

ESPECÍFICOS

- Trataremos o folclore de distintas zonas de Galicia ,(ritmos, xeitos de tocar e melodías) .
- Os alumnos/as estudarán o xeito de cantar estas melodías.
- Traballaremos os ritmos tradicionais: muiñeira, xota, mazurca, pasodobre...
- Aprenderán a interpretar as melodías coas súas características, traballarán cos distintos tipos de percusión, (pandeireta, pandeiro, culleres, lata de pemento, tixola, cunchas, piñas, botellas de anís...)

ESTRUCTURA E CONTIDO DO PROGRAMA

METODOLOXIA DIDÁCTICA

- Partimos da práctica, cunha teoría implícita de apoio sobre o folclore en xeral.
- Quecemento do corpo e da voz, exercicios de respiración...
- Fomentar a creatividade.
- Establecer uns contidos mínimos e máximos.
- Estimular a participación dos alumnos/as nas clases contactando co mestre vía Facebook live ou Skype ao remate da clase.
- Aspectos a traballar:

-Atención e motivación.



- Iniciación e interpretación musical e vocal.
- Execución de pezas cantadas con acompañamentos sinxelos de percusión.

CON RESPECTO O CANTO E PERCUSIÓN TRADICIONAL

- escoitar a canción.
- Realizar o deseño rítmico coas mans, pés, ou calquera outro instrumento ou obxecto de acompañamento.
- Finalmente, imos poñendo os matices da canción: forte, suave, rápido, lento, pronunciación clara, entoación correcta.

EXERCICIOS PARA A PERCUSIÓN TRADICIONAL

- Aprender o acompañamento axudándose primeiro de palabras ou frases, facendo coincidir os acentos das palabras co acento no seu instrumento ou obxecto de percusión: (pandeireta, cunchas, pandeiro, culleres, tixola, piñas etc.), o tempo do toque, ben dado pola lonxitude da frase utilizada.
- Facer exercicios de percusión, primeiro sobre o propio corpo á vez que en voz alta repite a palabra ou frase escollida para aprendelo toque.
- Facer o exercicio utilizando os obxectos ou instrumentos de percusión tradicional: pandeireta, pandeiro, culleres, lata de pemento, cunchas, botella de anís, etc.
- Postura do corpo ó cantar, como cantar de pé, e como cantar sentado.
- Quecemento da voz e distintos exercicios de relaxación .

PROGRAMA DE MATERIAS

Programa de materias para canto e percusión tradicional:

- Breve introdución sobre a historia da música tradicional, contextualizándoa no tempo, política e socialmente.
- Zonas de Galicia , respecto as súas diferencias musicais.
- Coñecemento de instrumentos de percusión tradicional, elementos constitutivos do son e do ritmo, utilización de xogos rítmicos.
- Expresión rítmica, relación entre a música e o movemento, educación audiopreceptiva.
- Expresión instrumental, desenvolvemento das habilidades motrices, os instrumentos como un medio para improvisar, crear e acompañar as cancións Ritmos e melodías tradicionais.
- A música tradicional no ciclo anual.
- Emisión da voz: respiración, articulación, resonancia e entoación.

CONTIDOS

CONTIDOS CONCEPTUAIS



- A voz e o corpo como medio de comunicación e expresión.
- Emisión da voz: respiración, articulación, resonancia, entoación.
- Os instrumentos de percusión como acompañamento de melodías e cantares tradicionais.
- Familias instrumentais tradicionais: tipos.
- O Repertorio tradicional. Zonas musicais de Galicia.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Utilización de instrumentos e obxectos utilizados tradicionalmente para acompañar cantos, para percibir, explorar, diferenciar e recoñecer parámetros do son: intensidade, duración, altura, timbre.
- Recoñecemento visual e auditivo de instrumentos.
- Improvisación de motivos, frases e pequenas formas rítmicas e melódicas como forma de acompañamento.
- Relación entre as cancións, as danzas e o entorno cultural e social.
- Interpretación e memorización de cancións tradicionais.
- Creación de acompañamentos instrumentais.
- Aplicación de técnicas de respiración, articulación e resonancia como un medio para mellorar a interpretación de cancións.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Interese por coñecer a diversidade instrumental.
- Apreciación e valoración dos instrumentos populares e tradicionais como integrantes do patrimonio cultural da comunidade galega.
- Valoración da participación na actividade instrumental.
- Valoración da voz como instrumento de expresión e comunicación.
- Interese por cantar como fonte de pracer e como medio de formación, información e recepción do legado cultural.

ACTIVIDADES

- Traballo cos instrumentos de percusión.
- Montaxe e interpretación de repertorio cantado .
-

PROGRAMACIÓN PARA AS DEZ AULAS:

Aula 1 “ A pandeireta”

- Breve introdución sobre a pandeireta en Galicia e no mundo, historia e actualidade.
- O auxe dos grupos de pandereteiras nos anos 80.
- As recollidas e os cancioneiros.
- A pandeireta, materiais, mantemento, xeito de tanxelo..
- Exercicios básicos de movemento do instrumento, man aberta e puño.
- Toques básicos de pasodobre, valse .



- Colocación do corpo para tocar.
- A Voz: beneficio que brinda á saúde o cantar, exercicios de relaxación e quecemento da voz, respiración e colocación das vogais.
- Peza escollida para traballar, Pasodobre de Pazos de Borbén, Pontevedra. Do meu arquivo persoal.

Aula 2 “A xota”

- Breve introdución sobre os seráns... as reunións veciñais onde homes e mulleres das aldeas cantaban e bailaban.
- Traballaremos distintos toques de xota, interpretados coa pandeireta, man aberta e puño.
- Técnica de riscado.
- Quecemento de voz, relaxación, praxias bucofarínxeas.
- Peza escollida para traballar, un xogo tradicional, “A Ruliña” , peza recollida en Vilar de Cabeiras, Arbo. Do meu arquivo persoal.
- Traballaremos a peza coa pandeireta.

Aula 3 “ A muiñeira”

- A muiñeira, ritmo rei por excelencia, tipos e variantes .
- Traballaremos distintos toques de muiñeira coa pandeireta, man e puño.
- Técnica de riscado.
- Traballo de voz e respiración...
- Peza escollida para traballar, Valse de Fofe, Covelo, Pontevedra. Do meu arquivo persoal.
- Traballaremos a peza coa pandeireta, facendo distintos toques, de máis sinxelo a máis complicado.

Aula 4 “ As Cunchas e a botella de anís”

- Clasificación dos cantos tradicionais en canto a xéneros, letras e ambientes nos que se cantaba.
- Presentación dos instrumentos.
- Xeitos de tanxelos.
- Toques con eles.
- Exercicios de quecemento da voz.
- Peza escollida para traballar. Pasodobre “Ole laranxiña” , peza recollida en Laxoso, Ponte Caldelas. Pertencente ó meu arquivo persoal.
- Traballaremos a peza con pandeireta, cunchas e botella.

Aula 5 “ O pandeiro”

- Historia do instrumento no mundo e en Galicia.
- Presentación do instrumento, morfoloxía, características...
- Distintos xeitos de tanxer o instrumento.
- Aprendizaxe de toques básicos no pandeiro.
- Exercicios de quecemento de voz.
- Peza escollida, Ribeirana do Cabalo, Ponte Caldelas e pasarrúas de entroido do Canizo. Arquivo persoal.
- Traballaremos a peza con pandeiro, pandeireta e cunchas.



Aula 6 “ As Culleres e o morteiro”

- A transmisión oral na nosa tradición.
- Presentación dos instrumentos
- Xeito de tanxelos
- Toques básicos cos instrumentos.
- Exercicios de quecemento.
- Peza escollida para traballar. Muiñeira de Xustáns e xota de Laxoso, Ponte Caldelas. Pertencente ó meu arquivo persoal.
- Traballaremos a peza con culleres, pandeireta, pandeiro e cunchas.

Aula 7 “ A pandeira”

- Presentación do instrumento e marco histórico.
- A pandeira nos Ancares(último reduto deste instrumento), Polavilas e vodas.
- Xeito de tanxela.
- Toques básicos co instrumento.
- Exercicios de quecemento da voz .
- Pezas escollidas para traballar. Canto de voda e Moliñeira de Donís, Pertencente ó meu arquivo persoal.
- Traballaremos a peza con culleres, pandeira e cunchas.

Aula 8 “ A tixola”

- O ciclo anual en relación ós cantares tradicionais,
- Presentación do instrumento.
- Xeito de tanxelo.
- Toques básicos co instrumentos.
- Exercicios de quecemento da voz.
- Pezas escollidas para traballar. Canto de nadal, Muiñeira e xota de Fumaces, Riós, Ourense. Pertencente ó meu arquivo persoal.

Aula 9 “ A lata de pemento”

- A emigración galega, influencia na incorporación de cantares ó noso repertorio e o seu papel na conservación do folclore nos seus centros.
- Presentación do instrumento.
- Xeito de tanxela.
- Toques básicos co instrumento.
- Exercicios de quecemento da voz.
- Peza escollida para traballar. Ronda e Muiñeira de Liñares, Avión, (pezas aprendidas da comunidade galega en México cando veñen polo verán) . Pertencente ó meu arquivo persoal.
- Traballaremos a peza con pandeireta e lata.

Aula 10

- Visión da nosa música tradicional na actualidade.
- O maneo, variante da xota, zona de Bergantiños.



- Breve repaso de todos os instrumentos vistos durante as dez clases.
- Exercicios de quecemento.
- Peza escollida para traballar, Muiñeira corrida e maneo de Sísamo, Carballo, do meu arquivo.